



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 10 de abril de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA
DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA
DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10 de abril de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03/04/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propostas
ASUNTOS DE REXIME INTERIOR
PRP2017/1558

Visto o comunicado do Servizo de Actas, a Xunta de Goberno Local acorda adquisición de papel numerado oficial da Comunidade Autónoma para imprimir os libros de actas da X.G.L e Plenos, así como o recoñecemento de obriga por importe de 199,71€ a favor da **Xunta de Galicia**, Consellería de Economía e Facenda, con cargo á partida 920.22501.

PRP2017/1559

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Unión Fenosa Distribución S.A.** dos dereitos de acometida do novo bombeo situado na Praza Liberdade 14 CC (Caril, por un importe de 327,33€ (IVE incluído), con cargo á partida 161-22100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1560

Dáse conta do escrito da Axencia Galega de Infraestruturas Servizo Provincial, en relación á execución de pasos de peóns en Bamio. Establecendo as seguintes condicións:

- Trasladar a parada de autobús do p.q. 3+650 ata o p.q. 3+700.
- Eliminar todas as prazas de aparcamento existentes nese tramo na marxe dereita, co obxecto de obter as visibilidades necesarias.



- Instalar bandas transversais de alerta (BTA) en ambos sentidos e coa distancia de antelación necesaria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1561

Dáse conta do escrito presentado por Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra Capital y Municipios de la Provincia, solicitando a creación dunha parada de taxis (tres prazas) na rúa Elpidio Villaverde. Visto o informe da Policía Local no que se indica que dita rúa e de titularidade portuaria, a Xunta de Goberno Local acorda remitir copia do escrito á Autoridade Portuaria para o seu estudo e posible autorización.

PRP2017/1562

Dáse conta de comunicación do Instituto Nacional de Estadística das cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón Municipal, referidas a 1 de xaneiro de 2017, sendo 37.479 os habitantes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1563

Visto o escrito de **D. José Antonio Fernández González**, solicitando o cambio de situación para a Rúa Ramón López Piñeiro, esquina Rúa Santa Lucía, en terreos privados, para instalar o Circo de Vienna Roller do 27 ao 30 de abril. A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude xa que consta que realizarán unha exhibición de serpes e crocodilos, e por acordo de Xunta de Goberno Local está prohibida a celebración de circos que inclúan animais, en aplicación dos principios recollidos na declaración universal dos dereitos dos animais, así como na Lei 1/1993, de Protección dos Animais de Galicia.

PRP2017/1567

Visto o informe do Auxiliar de Arquivo, en relación ó proxecto levado a cabo pola Deputación de Pontevedra no arquivo municipal de Vilagarcía de Arousa implantando un sistema de xestión arquivística denominada ICA-Atom, para dixitalización neste Arquivo Municipal de libros de actas, resolucións, expedientes sobre patrimonio municipal. Visto o citado informe a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o acceso on-line á información do Arquivo Municipal a través da plataforma ICA-Atom, cos contidos e coa amplitude que figuran no devandito informe.

PRP2017/1568

Dáse conta da resolución da Directora da Axencia de Turismo de Galicia do procedemento de revogación da autorización do préstamo con cargo a o (FOMIT) concedido por Resolución da Secretaría de Estado de Turismo e Comercio de 15-03-2006 dispoñendo o pago do xuro legal do diñeiro correspondente á contía dende o momento da subscrición do préstamo o 01-06-2006, ata o momento do reintegro polo concello do capital reclamado, o 20-02-2015.

Ascendendo a 465.232,36€ o importe total de xuros polo capital non executado (1.557.529,16 €), desagregado do seguinte xeito:

- Ata o 24-06-2011: 360.130,61 €
- Dende o 25-06-2011 ata o 20-02-015: 105.101,75 €
- Total: 465.232,36 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2017/1569

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Instalaciones Ecoliva, S.L.**, para a substitución da bomba aceleradora da bomba de calor LG da calefacción na Galiña Azul, por un importe total de 865,15€ (IVE incluído), con cargo á partida 323-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1570

Vista a proposta do encargado do servizo de alumeado público e mantemento para aprobar a renovación do contrato coa empresa S.E. de Carburos Metálicos para aposta a disposición de envases e proba hidráulica que garante o cumprimento das normas de seguridade vixentes e o correcto mantemento para o 2017-2018.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación do contrato do 01-03-2017 ao 28-02-2018 por importe de 147,62€(IVE incluído). Partida 165-213.

PRP2017/1571

Dáse conta do escrito da Consellería do Medio Rural remitindo exemplar do acordo de cesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa de Material (pértega, 2 punteiros, 2 mangueras, espátula, funda e sistema impulsor), destinado ao desenvolvemento do Plan de Vixilancia e Control da vespa velutina en Galicia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1572

Dáse conta do escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo en relación á adhesión do Concello de Vilagarcía ao programa autonómico de vivendas baleiras. A Xunta de goberno Local queda sabedora e préstalle aprobación, acordando remitir ao Instituto Galego de Vivenda o convenio de adhesión asinado.

PRP2017/1573

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Manuel Santos Cao, S.A. para** o subministro de “Cartuchería de dotación e tiro anual” por un importe total de 1.280,00 €, (IVE incluído) con cargo á partida 132.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1615

Vista a proposta do Axudante-Encargado de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Nesus J. Santorum, S.L.** para a reparación do vehículo matrícula 1426-DBD do departamento de obras, por un importe total de 681,48€ (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1625

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Begoña Cerqueiro García, en representación de **Asociación Parkinson**, solicitando autorización para instalar unha carpa e cadeiras o día 29 de abril na Praza de Galicia, de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/1626

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maruxa Elena Chapela Bouzas, en representación de **Colexio Profesional de Hixienistas de Galicia**, solicitando autorización para instalar unha carpa o día 17 de maio na Praza de Galicia, de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/1627

Dáse conta do escrito presentado por D. Miguel Alves Lago, en representación de **Grupo Municipal de Esquerda Unida**, solicitando autorización para uso de megafonía o 14 de abril na Praza II República, ás 11:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/211

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Aridos del Umia, S.A.** para a compra de 10 m³ de formigón, para realizar obras de formigonado en Urbanización O Rial, por un importe total de 837,08€ (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/743

Dáse conta do escrito presentado por D. José Manuel Mariño García, secretario da Cofradía de Semana Santa Segunda Estación, comunicando o recorrido das procesións de semana santa. Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda, seguindo a recomendación da Policía Local, que as Cafeterías Yoli e Mini Central solo dispoñan dunha fila de terraza pegadas a fachada nos horarios ó paso das procesións.

Emprego

PRP2017/1600

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e tendo en conta que no Orzamento Municipal do ano 2017 figura unha partida económica de subvencións con destino a un programa de creación de empresas 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras do programa de axudas municipais á creación de Empresas no Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 46.000,00€ con cargo á partida 241.470, e aprobar a súa publicación no B.O.P.

As axudas que se concedan son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade.

O importe máximo destas axudas será de 2.000 € por empresa beneficiaria.

PRP2017/1656

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dalle que Dalle Sociedade Cooperativa Galega**, para levar a cabo o desenvolvemento do Proxecto de aceleradora de negocios emprende VGA 2017, por un importe total de 21.659,00 €, con cargo á partida 241.22799, para a promoción do emprendemento e a cultura emprendedora a través do apoio aos proxectos innovadores, tecnolóxicos e novedosos, promovidos por empresas na súa fase de desenvolvemento ou consolidación.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/1597

Dáse conta da resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de 20 de marzo de 2017, das axudas convocadas pola Xunta de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas públicas municipais, na que figura o Concello de Vilagarcía de Arousa como beneficiario da axuda, polo valor de 5.884,82€ (Proxecto (3) nº01/25/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Normalización Lingüística

PRP2017/1601

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística para aprobar o gasto da adhesión ao programa apego, aprobada polo pleno do Concello en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2016. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos por importe total de 6.488,07€, con cargo á partida 334-22637(Proxecto (3) nº02/06/17):

Editorial Galaxia produción de 250 cds	740,00€(ive incluído)
Trisquelia produción de 250 caixas Apego	4.509,70€(ive incluído)
Trisquelia deseño e difusión da caixa Apego	1.238,37€ (ive incluído).

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/1602

Vista a solicitude de **Dona Ana M^a Granja Guillán e/n Partido Popular de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, os días 13 e 14 de maio de 2017, para a celebración dun acto, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Así mesmo comunícaselle que deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado e será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/1603

Vista a proposta da concellería de Cultura para aprobar a mellora da iluminación da Sala de Exposicións do Auditorio, e aprobar ho horario de apertura de dita sala.

A xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar os orzamentos da empresa Digamel, S.A. por importe de 1.490,72€ con cargo á partida 334-213 e 413,70€ con cargo á partida 334-62300.



Aprobar o horario de apertura ó público de luns a sábado de 10:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 horas e os domingos no mesmo horario (só cando este aberto o Auditorio per ter lugar un espectáculo e/ou actividade cultural).

PRP2017/1604

Vista a proposta da Concellería de Cultura e o informe do responsable de mantemento do Auditorio Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dielectro Industrial, S.A.U.** para a instalación de iluminación na fachada principal do Auditorio Municipal, por un importe total de 1.917,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.62300, por considerar os materiais subministrados os máis adecuados para o Concello.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/1605

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto relativo aos honorarios de redacción do proxecto para o investimento denominado **Humanización da Praza de Independencia e un tramo da Rúa San Roque(Parque Metropolitano)** por un importe total de 20.013,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640. (Proxecto Feder (2) N° 01/09/2017), para o que se solicitarán polo Departamento de Contratación as oportunas ofertas para prestación do citado servizo.

PRP2017/1606

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo e as ofertas solicitadas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Joaquín Lustres Carregal** o contrato de servizos consistente na Dirección de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde en fase de execución da obra “Construción Escola Infantil en Vilaxoán”, por un importe total de 11.785,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640 de conformidade coa oferta presentada. (Proxecto (2) 01/44/16).

PRP2017/1607

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Unión Fenosa Distribución**, para conexión dunha potencia de 37,00 Kw con destino ao subministro á canceira municipal en Pinar do Rei, por un importe total de 3.054,56 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22100.

PRP2017/1608

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo e co fin de pechar temporalmente un dos bambáns que forman parte da área de xogo do Parque Infantil de A Xunqueira, por consideralo perigoso para o seu uso, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Leisure Gallaeci, S.L.** para subministro e instalación de valo de protección para o entorno do devandito bambán, por un importe total de 3.146,00 € (IVE incluído), con cargo ás partidas 171.63200 e 171.62300. (Proxecto (2) n° 09/20/16) (Proxecto n° 01/38/17).

PRP2017/1609



Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Citania Arqueoloxía, S.L.** os traballos de “Conservación e restauración conxunto dos petroglifos dos Ballotes e Meadelos”(Proxecto (2) 01/49/2017), por un importe total de 24.000,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 459-61900, coa seguinte desagregación:

- 18.368,72 € con cargo a subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra.
- 5.631,28 € con cargo fondos municipais.

PRP2017/1610

Dáse conta do convenio marco de colaboración entre o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de prácticas formativas en Concellos e Deputacións de Galicia por Arquitectos Técnicos, cunha duración de entre 3 e 6 meses e os aparelladores e arquitectos técnicos desfrutarán dunha bolsa de 1.000 € brutos ao mes a xornada completa ou 600 € brutos ao mes a media xornada, remunerada polo Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda a adhesión ao citado convenio para a realización de prácticas formativas de 1 aparellador/a ou Arquitecto/a Técnico/a durante 6 meses e cunha bolsa de 1000 € brutos ao mes a xornada completa para a Xerencia de Urbanismo.

PRP2017/1613

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o documento de medicións e orzamento realizado polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, por un importe total de 3.983,21 € (IVE incluído), con cargo á partida 334-63200, para a realización das obras de pintado exterior da Oficina Municipal de Vilaxoán, no edificio A Gaviota, e que polo Departamento de Contratación se realicen os trámites para a adxudicación das citadas obras mediante a petición de ofertas. Proxecto(2)03/27/2015 e proxecto (2)02/03/2016.

Dar conta do presente acordo a GESENCO Gestión en Comunidades aos efectos oportunos.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/1670

Dáse conta do escrito presentado polo Grupo Municipal de Somos Maioría onde solicitan que a cantidade que se reintegra por parte do Grupo Municipal Somos Maioría se destine a ampliar a partida de axudas de emerxencia social da Concellería de Servizos Sociais. A Xunta de Goberno Local queda sabedora do ingreso realizado o día 31 de marzo de 2017.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.